

POXAS XUDICIAIS ELECTRÓNICAS

TRÁMITES NO PORTAL DE POXAS DA AEBOE

Poxas xudiciais electrónicas

Índice

- 1.Introdución
- 2.Regulación e ámbito de aplicación
- 3.Esquema xeral da tramitación procesual da poxa
- 4.Anuncio da poxa
- 5.Pago da taxa
- 6.Estados
- 7.Acceso ao Portal de Poxas da AEBOE
- 8.Consulta de poxas no portal
- 9.Xestión de usuarios no portal
- 10.Alta de usuario
- 11.Información e seguimento da poxa
- 12.Constitución de depósito
- 13.Realización das ofertas
- 14.Xestión e devolución dos depósitos
- 15.Conclusión e finalización da poxa

Poxas xudiciais electrónicas

1. Introducción

As últimas reformas procesuais civís establecen como **procedemento único** para a realización dos bens mediante poxa xudicial a vía electrónica a través do Portal de Poxas da Axencia Estatal BOE (AEBOE).

De forma complementaria establécese, cando sexa necesario, a comunicación electrónica entre o Portal de Poxas e os rexistros correspondentes, a través dos sistemas do colexio de rexistradores, o que permite manter permanentemente actualizada a información rexistral a través do propio portal.

O novo sistema garante unha maior publicidade da poxa: anúnciase no *Boletín Oficial do Estado*, que ten na esencia da súa función a publicación oficial en España, e mais no portal da Administración de xustiza, e tamén se publicita no Portal de Poxas. Desta forma preténdese asegurar a máxima concorrencia de licitadores/ofertantes e incrementar as posibilidades e o prezo da venda, ao lle facilitar o acceso á licitación a calquera interesado sen necesidade de se desprazar nin para obter información nin para participar na poxa.

O Portal de Poxas dispón dun sistema de procura baseado en distintos criterios (orixe ou tipo de poxa, estado desta, enderezo, datas, identificador, etc.), e os usuarios poderán subscribirse para recibir alertas por correo electrónico relacionadas coa entrada de poxas que se axusten aos seus criterios de procura.

Poxas xudiciais electrónicas

2. Regulación e ámbito de aplicación

O sistema de poxas xudiciais a través do portal da Axencia Estatal Boletín Oficial do Estado será o único medio para a realización tanto das poxas que deriven de procedementos xudiciais de constrinximento coma das poxas voluntarias xudiciais. En todo caso, o letrado da Administración de xustiza actúa como **AUTORIDADE XESTORA DA POXA**

CONVOCATORIA

A poxa levarase a cabo, en todo caso, de forma electrónica no Portal de Poxas, baixo a responsabilidade do letrado da Administración de xustiza, quen acordará a súa convocatoria mediante decreto (art. 644 da LAC).

ANUNCIO E PUBLICIDADE (ARTS. 645 E 646 LAC)

A poxa anunciarase no BOE unha vez firme o decreto de convocatoria. O anuncio, que servirá de notificación ao executado non comparecido, conterá exclusivamente:

A data do mesmo.

A identificación do procedemento e da oficina xudicial que o tramita.

O enderezo electrónico que corresponda á poxa no Portal de Poxas

A indicación expresa de que os licitadores interesados dispoñen da posibilidade de participar nos termos previstos na Resolución do 13 de outubro de 2016, conxunta da Dirección Xeral da Axencia Estatal de Administración Tributaria, e da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira

O Letrado da Administración de xustiza ordenará a publicación do anuncio no BOE e, só para efectos informativos, no portal da Administración de xustiza.

Poxas xudiciais electrónicas

2. Regulación e ámbito de aplicación

Anuncio e publicidade
(arts. 645 e 646 LAC)

A información remitirase ao Portal de Poxas de forma telemática que permita ser tratada electronicamente, a fin de que o portal poida facilitala e ordenala, incorporando para cada poxa o edicto, o cal:

Incluirá, en todo caso:

As condicións xerais e particulares da poxa.

Os bens que se poxan.

Os demais datos e circunstancias que sexan relevantes.

As mencións de que se entenderá que todo ofertante acepta como bastante a titulación existente ou asume a súa inexistencia, así como as consecuencias de que as súas ofertas non superen as porcentaxes do tipo da poxa establecidas nos artigos 650 e 670 da LAC.

A avaliación ou valoración do ben que serve de tipo para a poxa.

Nas poxas de bens inmobles expresará, ademais (art. 668.2 da LAC):

A identificación do predio, cos seus datos rexistrados e a referencia catastral, se a ten.

A minoración de cargas preferentes, se as houber.


A súa situación posesoria, se consta no procedemento.

A posibilidade, se for o caso, de visitar o inmovible para os efectos de redución da débeda prevista no art. 669.3 da LAC.

A mención de que as cargas, gravames e asentos anteriores ao crédito do actor continuarán subsistentes e que, polo só feito de participar na poxa, o ofertante os admite e acepta quedar subrogado na responsabilidade derivada daqueles se o remate se adxudica ao seu favor.


Poxas xudiciais electrónicas

2. Regulación e ámbito de aplicación



Poxas xudiciais electrónicas

3. Esquema xeral da tramitación procesual da poxa



4. Anuncio da poxa

í

A apertura da poxa no portal realizarase consonte os artigos 648.2 e 667.2 da LAC.

Para o cómputo de prazos terase en conta o artigo 5 do Código civil: **bardante de disposición en contrario, nos prazos por días o cómputo comeza a partir do día seguinte ao determinado, sen excluír os días inhábiles.**

O desenvolvemento e terminación da poxa realizarase conforme o artigo 649 da LAC.


í

Transitoriamente, e mentres non se reciban en formato electrónico e con información estruturada as certificacións de dominio e cargas, a información recibida en formato papel debe ser dixitalizada pola oficina xudicial para a súa incorporación no anuncio da poxa.

Cando as ditas certificacións se reciban electronicamente non é necesario incorporalas ao anuncio do BOE, xa que cubrindo no aplicativo da CDCX o campo de IDUFIR (*identificador único de finca registral*) e o CSV (*código seguro de verificación*) que conterà a certificación, o Portal de Poxas electrónicas do BOE enlazará cos rexistros, podéndose daquela acceder á certificación e á información continuada da situación rexistral do predio.

4. Anuncio da poxa

Esquema xeral da publicación da poxa no portal da AEBOE



4. Anuncio da poxa

SUPOSTOS DE GRATUIDADE NO ANUNCIO DA POXA

De conformidade co establecido nos artigos 2 e 6 da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, teñen dereito á inserción gratuíta do anuncio da poxa no Portal de Poxas do BOE os que teñan recoñecido o beneficio de xustiza gratuíta. En concreto, gozarán deste dereito:

Os cidadáns españois, os nacionais dos demais Estados membros da Unión Europea e os estranxeiros que se encontren en España, cando acrediten insuficiencia de recursos para litigar.

Non obstante o anterior, gozarán deste dereito sen necesidade de acreditar a dita insuficiencia de recursos:


- ✓ Os traballadores e beneficiarios da Seguridade Social (para a defensa de dereitos deste tipo) nos procedementos laborais, concursais ou contencioso-administrativos.
- ✓ As entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social, en todo caso.
- ✓ As vítimas de violencia de xénero, de terrorismo e de trata de seres humanos naqueles procesos que teñan vinculación, deriven ou sexan consecuencia da súa condición de vítimas, así como os seus sucesores de dereito en caso de falecemento da vítima e sempre que non foran partícipes nos feitos.
- ✓ Os menores de idade e persoas con discapacidade intelectual ou enfermidade mental, se son vítimas de situacións de abuso ou maltrato, así como os seus sucesores de dereito en caso de falecemento da vítima e cando no foran partícipes nos feitos.
- ✓ Aquelas persoas que, por mor dun accidente, acrediten secuelas permanente que lles impidan totalmente a realización das tarefas da súa ocupación laboral ou profesional habitual e requiran a axuda doutras persoas para realizar as actividades máis esenciais da vida diaria, cando o obxecto do litixio sexa a reclamación de indemnización polos danos persoais e morais sufridos.
- ✓ As asociacións que teñan como fin a promoción e defensa dos dereitos das vítimas do terrorismo.

As asociacións de utilidade pública e as fundacións inscritas no rexistro público correspondente, cando acrediten insuficiencia de recursos para litigar.

Poxas xudiciais electrónicas

5. Pago da taxa

- 1 Unha vez que o obrigado ao pago realice o aboamento da taxa na entidade financeira colaboradora na recadación da AEAT, esta proporcionaralle un xustificante de ingreso NRC (*número de referencia completo*), que é imprescindible para poder xustificar o pagamento do anuncio.
- 2 O importe é fixo e varía en función da extensión do anuncio: 5 liñas (64,66 euros) ou 6 liñas (77,60 euros). No modelo 791, que se descarga para a entrega ao interesado ou ao seu representante, xa aparece consignada a cantidade que corresponde ingresar; cómpre ter presente que se normalmente aparece como importe o correspondente a 6 liñas debe revisarse a configuración, xa que pode estar motivado pola repetición da identificación do órgano xudicial ao final do anuncio, despois da sinatura do letrado da Administración de xustiza.
- 3 O obrigado ao pago ten dúas opcións:
 - Esperar a que a entidade financeira colaboradora lle comunique ao BOE o pagamento da taxa (pode tardar 20 ou 30 días).
 - Acceder a web do BOE e actualizar o NRC (o anuncio publícase nun prazo de 3 a 6 días hábiles).



Debe aparecer unha mensaxe indicativa de que o proceso se efectuou correctamente.

6. Estados

Estados da poxa

CANCELADA	Supón o peche definitivo da poxa no portal, liberándose os importes consignados
En ejecución	A poxa estase a celebrar no portal.
Enviada	Desde que a poxa se xera na CDCX ata que se crea no portal.
Enviada con error	A poxa xerouse na CDCX e non foi dada de alta no portal por problemas de comunicación ou rexeitamento, debido a un campo incorrecto. Neste caso é necesario reenviar a poxa.
Pendiente de pago	A poxa non gratuíta está dada de alta no portal e está pendiente do pagamento da taxa.
Fin mejora executado	Poxa concluída por pago do executado. O usuario debe seleccionar "Mejora Ejecutado".
Pendiente publicación	Poxa pendiente de publicación no portal, unha vez pagada a taxa ou tras a alta de poxa gratuíta.
Publicado	Poxa publicada e pendiente de celebrar.
Puja finalizada	Poxa que concluíu a súa celebración: o portal comunica o estado de cada lote e o mellor licitador ou ofertante.
Subasta finalizada	Final da poxa unha vez terminada a xestión de cada lote polo pago do remate.
Subasta suspendida	Suspendida a poxa, renóvase automaticamente por parte do portal ou desde a CDCX.

Estados do lote

FIN QUEBRADA	Estado final do lote se ningún ofertante realizou o pago do remate.
FINALIZADA	Estado final do lote cando un ofertante realizou o pago do remate, adjudicándose os bens.
PUJA CON RESERVA	Poxa celebrada, e informa o portal de que houbo máis licitadores con ofertas.
PUJA SIN RESERVA	Poxa celebrada, e informa o portal do primeiro e único ofertante.
PUJA DESIERTA	Poxa celebrada, e informa o portal de que non hai ningunha oferta sobre o lote.

7. Acceso ao Portal de Poxas da AEBOE

Pode acceder ao portal calquera cidadán, e as opcións que ten dispoñibles dependen de se está rexistrado ou non.

Os usuarios non rexistrados poderán realizar procuras das poxas que estean en curso utilizando distintos criterios e consultar os detalles de cada poxa, tales como a información xeral, a autoridade xestora, os lotes que a compoñen ou o interesado e o acredor, así como os valores das poxas máximas para cada lote, no momento da consulta.

O rexistro, que se pode facer en calquera momento, permite ao usuario todas as opcións anteriores, e ademais:

- Realizar depósitos.
- Participar como ofertante nas poxas.
- Acceder a información sobre as poxas nas que participou ou está a participar.
- Subscribirse a servizos de aviso da entrada de poxas que se axusten aos seus criterios.
- Xestionar os seus datos de contacto.

A información aos interesados sobre o funcionamento do Portal de Poxas e os requisitos para o rexistro pode obterse a través da URL <https://subastas.boe.es/> ou na Oficina de atención ao cidadán e asistencia á vítima.

Poxas xudiciais electrónicas

8. Consulta de poxas no portal

1


CONSULTA DE POXAS

Accesible para calquera cidadán sen necesidade de rexistrarse



Permite consultar as poxas por provincia (A) e por tipo de ben poxado (B).

Permite realizar unha busca avanzada seguindo distintos criterios: orixe ou estado da poxa, tipo de ben poxado, etc.



Subastas. Búsqueda avanzada

Origen de la subasta Cualquiera Judicial Notarial

Estado de la subasta Cualquiera Prox. apertura Celebrándose Suspendida

Tipo de bien subastado Todos Inmuebles Vehículos Otros bienes muebles

Domicilio del inmueble o dirección del depósito de los vehículos y otros bienes muebles

Dirección

Código postal

Localidad

Provincia

Postura mínima inferior a (eur)

Cuenta expediente (solamente en subastas judiciales)

ID Subasta

Fecha fin Subasta de a (dd/mm/aaaa)

Resultados por página Ordenados por

Poxas xudiciais electrónicas


8. Consulta de poxas no portal

A procura dará como resultado unha listaxe de poxas:

1a Desde a listaxe pódese acceder á información pública de cada unha delas: información xeral, autoridade xestora, bens, acredor e ofertas.

1b Os usuarios rexistrados que iniciaran sesión no portal poderán gardar os criterios de busca e solicitar o envío dun correo electrónico cando existan novidades coincidentes cos criterios gardados.

Permite gardar un máximo de 50 criterios de busca.



Subastas. Búsqueda avanzada

Búsqueda Resultados

1b Guardar búsqueda

Resultados 1 a 13 de 13

1a Más...

SUBASTA SUB-JA-2016-5539
JUZGADO 1ª INSTANCIA 4 - VIGO
Expediente: 9047/10
Estado: Celebrándose - [Finalización prevista: 21/03/2016 a las 00:00:00]
El 10,167% de la VIVIENDA B) del piso primero del número 48 de la C/ Barcelona de Vigo

SUBASTA SUB-JA-2016-3944
JUZGADO 1ª INSTANCIA 4 - VIGO
Expediente: 0047/15
Estado: Celebrándose - [Finalización prevista: 21/03/2016 a las 00:00:00]
PLANTA BAJO CUBIERTA


Más...

Se o usuario non está rexistrado ou non iniciou sesión no portal



Si desea guardar la búsqueda o recibir una alerta de correo electrónico en el correo del estado con los resultados de la misma, debe introducir un correo electrónico y pulsar sobre el botón de "Guardar búsqueda".

Se o usuario está rexistrado e iniciou sesión no portal



Escriba un nombre para identificar su búsqueda y pulse en Guardar. Ello le permitirá diferenciar esta búsqueda del resto que tenga guardadas.

Nombre de la búsqueda:

Deseo recibir una alerta por correo electrónico cuando existan novedades con estos criterios de búsqueda.

Poxas xudiciais electrónicas

9. Xestión de usuarios no portal

2

XESTIÓN DE USUARIOS NO PORTAL

O rexistro no Portal de Poxas Electrónicas permite acceder a toda a información pública das poxas e, ademais, habilita para:

- Ver os detalles da poxa que non son de carácter público (documentación adicional, información rexistral, etc.).
- Participar como ofertante nas poxas.
- Acceder á información sobre as poxas nas que participou o usuario.
- Subscribirse a servizos de aviso da entrada de poxas que se axusten a determinados criterios, a través de «Guardar Búsqueda».
- Xestionar os datos de contacto.

i

Para o rexistro no Portal de Poxas Electrónicas pódese utilizar calquera certificado recoñecido, dos admitidos pola *Plataforma de validación de firma electrónica @firma*, que identifique unha persoa física.


Só se poderán rexistrar persoas físicas; se o certificado utilizado non identifica ningunha persoa física, non se poderá completar o rexistro.

Cando participe nunha poxa quen apareza rexistrado como representante dun acredor ou dun interesado, entenderase que a súa participación é sempre no nome do seu representado.

Poxas xudiciais electrónicas

9. Xestión de usuarios no portal

Esquema xeral da intervención dos ofertantes na poxa xudicial electrónica



Poxas xudiciais electrónicas


10. Alta de usuario

2a



ALTA DUN USUARIO NO PORTAL



Na pantalla de inicio, seleccionar «Iniciar sesión / Registrarse».




Iniciar o rexistro.



Cubrir os datos obrigatorios (sinalados con «*»). O teléfono móbil é un dato opcional, pero se inclúe ese dato pode recibir vía **sms** información relativa á súa participación nas poxas.

ENVIAR

Enviar o formulario.



Enviado o formulario, recibírase por correo electrónico un código PIN; se se facilitou tamén o tfno. móbil, recibírase outro PIN **distinto**. Neste caso deben introducirse os dous para continuar o rexistro.



O proceso termina coa confirmación do rexistro:

- O usuario será o correo electrónico.
- O contrasinal establece o usuario e serve para acceder desde dispositivos móbiles onde non teña disponible o certificado.
- Débense ler e aceptar as condicións de uso.

Poxas xudiciais electrónicas

1 1. Información e seguimento da poxa

2b
INFORMACIÓN E SEGUIMIENTO DA POXA

O usuario rexistrado que iniciara sesión no Portal de Poxas e seleccionara unha poxa para vela con detalle pode realizar un seguimento da mesma (a través da opción «Seguir» **A**). Esta opción:

- Permitiralle consultar a poxa sen necesidade de a volver buscar, desde «Mi perfil». **B**
- Non implica ningún tipo de notificación ao usuario por parte do portal.



Subasta SUB-3A-2015-XXXX	
Información general	
Datos de la subasta	
Identificador	SUB-3A-2015-XXXX
Tipo de subasta	JUDICIAL EN VIA DE APREMIO
Fecha de finalización	11-01-2016 00:00:00
Cantidad reclamada	1000 €
Lotes	3
Forma adjudicación	Separada para cada lote
Anuncio BDE	BOE-8-2015-XXXX
Valor subasta	Ver valor de subasta en cada lote (los lotes se subastan de forma independiente)
Tasación	Ver valor de tasación en cada lote (los lotes se subastan de forma independiente)
Puja mínima	Ver puja mínima de cada lote (adjudicación independiente)
Tramos entre pujas	Ver tramos de cada lote (adjudicación independiente)
Importe del depósito	Ver importe de consignación de cada lote (adjudicación independiente)
Información complementaria de la subasta	
Documentos	
EDICTO SUBASTA EN TRES LOTES	

A información a que se accede está clasificada en lapelas.

En «Pujas»:

- Pódense realizar depósitos e ofertas sempre que a poxa se atope en proceso de celebración.
- Pódese ver a oferta máxima total e a oferta máxima do usuario.
- Pódese ver o tempo que resta para a conclusión da poxa.

Poxas xudiciais electrónicas

12. Constitución de depósito

2c

CONSTITUCIÓN DE DEPÓSITO


Real decreto 1011/2015, do 6 de novembro, polo que se regula o procedemento para formalizar o sistema de consignacións en sede electrónica das cantidades necesarias para tomar parte nas poxas xudiciais e notariais.

Regula o procedemento para constituír, xestionar e devolver cando proceda, por vía telemática, os depósitos esixidos para participar nas poxas electrónicas: comprende tanto a constitución do depósito para poder participar na poxa coma a xestión e devolución dos depósitos.

CONSTITUCIÓN TELEMÁTICA DOS DEPÓSITOS

O interesado debe estar dado de alta no Portal de Poxas dependente da AEBOE.

O interesado conéctase a través do portal cos servizos electrónicos da AEAT, e a través destes, cos da entidade colaboradora na xestión recadatoria na cal se teña conta.



Traspasa o importe desde a conta do depositante e comunícao á AEAT e mais ao portal.

Poxas xudiciais electrónicas

12. Constitución de depósito

No BOE de 28 de outubro de 2016, publícase resolución de 13 de outubro de 2016, conxunta da Dirección Xeral da Axencia Estatal de Administración Tributaria, e da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se establecen o procedemento e as condicións para a participación por vía telemática en procedementos de alleamento de bens a través do portal de poxas da Axencia Estatal Boletín Oficial do Estado, que desenvolve o Real Decreto 1011/2015 ao que nos referimos na páxina anterior.

REGULA

- A constitución e devolución, no seu caso, dos depósitos necesarios para participar na poxa.
- O ingreso no Tesouro Público polas entidades de crédito dos depósitos constituídos, cando a oferta do depositante resulte adxudicataria.
- A provisión de fondos á AEAT polo Tesouro Público, a efectos do pago por esta aos órganos competentes ou titulares do procedemento de alleamento.

LICITADORES

- O licitador interesado en participar telemáticamente nos procedementos de alleamento deberá:
- Dispoñer de Número de Identificación Fiscal (NIF) e estar identificado no Censo de Obrigados Tributarios: para verificar o cumprimento deste requisito o obrigado tributario poderá acceder á opción «Mis datos censales» dispoñible na Sede electrónica da Axencia Tributaria.
 - Estar dado de alta no Portal de Poxas dependente da AEBOE.
 - Ser titular dunha conta aberta nalgunha das entidades de crédito autorizadas para actuar como colaboradoras na xestión recadatoria da Axencia Tributaria, que se atopen adheridas ao procedemento.


DEPÓSITOS

- Constitución do depósito (a cada depósito asígnaselle un nº denominado NRC):
- Acceder ao Portal de Poxas da AEBOE.
 - Seleccionar a entidade de crédito na que desexa constituír o depósito.
 - Aceptación do depósito pola entidade de crédito: esta traspasa o seu importe desde a conta do depositante á conta de depósitos da Axencia Tributaria, quen remitirá a resposta ao Portal de Poxas da AEBOE, que proporcionará ao licitador un recibo, o cal servirá de xustificante do depósito constituído e que pode imprimirse ou gardarse no ordenador.
 - Rexeitamento do depósito: aparecen os motivos na pantalla do Portal de Poxas para a súa posible emenda
- Devolución do depósito (farase telematicamente, salvo que xa fose liberado ou devolto):
- O depositante accede ao Portal de Poxas e captura o NRC do depósito que pretende que se lle devolva.
 - Autorizada a devolución pola AEBOE: comunícallo á AEAT e esta, a súa vez, á entidade de crédito, que traspasará de inmediato o importe á conta do depositario, emitíndose polo Portal de Poxas un xustificante da devolución telemática.

Poxas xudiciais electrónicas

12. Constitución de depósito

Se a poxa está activa e o usuario está obrigado a constituír depósito para licitar, debe iniciar sesión no portal (ver apartado 2b anterior) e seleccionar a poxa na que quere participar. As opcións de que dispón resáltanse na imaxe seguinte.



Cómpre sempre realizar un depósito previo á presentación de ofertas, bardante de que o usuario se atope nalgunha das seguintes situacións:

- A autoridade xestora indicou para unha determinada poxa que non se necesita depósito previo.
- O usuario está identificado no portal como representante do acreedor ou do interesado na poxa.

Permite realizar ofertas

Permite constituír depósito: *a forma de constituír telematicamente o depósito indicase na páxina anterior.*

Na poxa tipo « **Apremio** » o portal non lle permite ao representante do acreedor realizar ningunha oferta ata que xa exista outra oferta ou proposta dalgún licitador.

Poxas xudiciais electrónicas


13. Realización das ofertas

2d

REALIZACIÓN DAS OFERTAS

A

Enviada a oferta, o licitador deberá aceptar as condicións de utilización do Portal de Poxas.



Inicio Buscar Ayuda Jueves, 21 de Enero de 2016 17:39:29 Mi Perfil Salir

Puja para la subasta SUB-JA-2016-XXXX

Antes de pujar por primera vez en la subasta debe aceptar las condiciones de utilización del Portal de Subastas Electrónicas y del sistema de subastas.

Condiciones de utilización del Portal de Subastas

Lea detenidamente las condiciones de uso. Para participar en la subasta debe aceptar estas condiciones.

El procedimiento de subasta es exclusivamente electrónico, rigiéndose por lo previsto en la Ley 1/2000, de 7 de enero, de Enjuiciamiento Civil, para las subastas judiciales y en la Ley del Notariado de 28 de mayo de 1962, para las subastas notariales, así como por su respectiva normativa de desarrollo. De acuerdo con el artículo 668 de la Ley 1/2000, de 7 de enero, de Enjuiciamiento Civil, se hace constar expresamente que se entiende que todo licitador acepta como bastante la responsabilidad existente en el procedimiento de ejecución o asume su inexistencia, así como las consecuencias de que sus pujas no superen los porcentajes del tipo de la subasta establecidos en el artículo 670. Además se recuerda que las cargas, gravámenes y asientos anteriores al crédito del actor continuarán subsistentes y que, por el solo hecho de participar en la subasta, el licitador los admite y acepta quedar subrogado en la responsabilidad derivada de aquellos si el remate se adjudicara a su favor. Si tiene alguna duda, antes de continuar, consulte la normativa en el apartado [Ayuda](#) del portal.


He leído y acepto las condiciones de utilización del Portal de Subastas (**)

[Continuar](#)

[Volver](#)

B

Aceptadas as condicións, debe confirmar a oferta introduciendo un código PIN que lle será enviado ao correo electrónico e teléfono móbil.



Puja para la subasta SUB-JA-2016-XXXX

Para que la puja sea válida debe confirmarse. Para ello, se ha enviado un correo electrónico a la dirección correo@correo.es con un código para confirmarla. También se ha enviado un SMS al teléfono xxxxxxxx con el mismo código.

Introduzca el código de verificación recibido en su correo electrónico o teléfono móvil.


Código de verificación

Código: [Confirmar](#)

[Cancelar](#)

C

Introducido o PIN, debe confirmar o importe da oferta.



GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE LA PRESIDENCIA Portal de Subastas. BOE.es DEMO

Inicio Buscar Ayuda Viernes, 22 de Enero de 2016 11:01:09 Mi Perfil Salir

Subasta SUB-JA-2016-XXXX
Confirmación de puja

La puja que usted ha enviado al Portal de Subastas Electrónicas es la que se indica a continuación, por favor, revísela y si es correcta confírmela.

Datos de la puja

Subasta:	SUB-JA-2016-XXXX
Cod. Confirmación:	XXXX
Importe:	1.000,00 €

[Confirmar](#)

[Cancelar](#)

Poxas xudiciais electrónicas

13. Realización das ofertas

D

A seguir debe indicar se desexa reservar ou non a oferta:

- Se reserva: todas as ofertas sucesivas na mesma poxa ou lote entenderanse efectuadas con reserva de oferta.
- Se realiza unha oferta por importe inferior á oferta máxima entenderase que a está a realizar con reserva de oferta.



Portal de Subastas. BOE.es DEMO

Subasta SUB-JA-2015-XXXX
Confirmación de puja

Indique si desea reservar la puja para el supuesto de que su mejor puja no resulte ser la adjudicataria y el adjudicatario no complete en el plazo de tiempo establecido el importe total que ofreció en la subasta. En ese caso el adjudicatario será el siguiente postor con mejor puja extraído únicamente de aquellos hayan reservado su puja.

Debe tener en cuenta de que en caso de reservar la puja no se le devolverá el importe del depósito hasta que la subasta finalice completamente.

¿Desea reservar sus pujas para esta subasta?

NO, no deseo reservar mis pujas. SI, deseo reservar mis pujas.

Continuar Cancelar

E

O interesado debe indicar en nome de quen está a realizar a oferta ou proposta.



Portal de Subastas. BOE.es DEMO

Subasta SUB-JA-2015-XXXX
Confirmación de puja

Indique si para esta subasta actúa en todo o en parte en nombre de otra persona.

Seleccione la forma de actuación

No actúo en régimen de gananciales ni en representación de terceras partes
 Actúo en régimen de gananciales.
 Actúo en todo o en parte en representación de otras personas.


Si usted actúa en régimen de gananciales o representa a un tercero y resulta adjudicatario deberá acreditarlo posteriormente ante la autoridad gestora de la subasta aportando la correspondiente documentación.

Conozco y acepto la responsabilidad para actuar en la modalidad seleccionada en la subasta

Continuar Cancelar

F

Efectuados os pasos anteriores, o portal confirma que a oferta se realizou correctamente.



Portal de Subastas. BOE.es DEMO


Subasta SUB-JA-2015-XXXX
Confirmación de puja

La puja ha sido confirmada correctamente.

Volver

Poxas xudiciais electrónicas

14. Xestión e devolución dos depósitos



Poxas xudiciais electrónicas

15. Conclusión e finalización da poxa

Una vez **concluída** a poxa no portal:

a) Pódese obter información desta situación e de cal foi o valor da oferta máxima.

a) Comunicaralle á autoridade xestora (letrado da Administración de xustiza) o resultado da poxa.

a) Ordenará a devolución dos depósitos dos licitadores que non resultaran ganadores e non efectuaron reserva da súa oferta.

a) Ordenará o ingreso do depósito correspondente ao licitador da oferta ganadora na conta da autoridade xestora.

Transcorridos os vinte días naturais desde a súa publicación no portal, accederemos á listaxe de poxas, onde aparecerá en situación de **“Puja Finalizada”**.

Cada lote xestiónase de xeito independente desde que se recibe a primeira oferta ata a súa finalización.


Pódense producir tres posibles resultados:

- A. Lote deserto: a poxa concluíu e non participou ningún ofertante.
- B. Lote con ofertante ganador e sen outras ofertas.
- C. Lote con ofertante ganador e con outras ofertas.



15. Conclusión e finalización da poxa

Esquema xeral da conclusión e finalización da poxa xudicial electrónica



Poxas xudiciais electrónicas

15. Conclusión e finalización da poxa

A

LOTE DESERTO

Concluída a poxa, se resultou deserta o portal remite a certificación de peche á CDCX para a súa impresión e inclusión como acontecemento no sistema de xestión procesual, a través do aplicativo da CDCX.

B

LOTE CON OFERTANTE GANADOR E SEN OUTRAS OFERTAS (sen reserva de oferta)

O lote atópase en estado de “**Concluído**”, e o BOE:

1

Certifica o resultado da poxa: o certificado pódese obter en **Operaciones / Subastas Judiciales Electrónicas / Listado – Modificación / Detalle Subasta / Adjudicatarios – Reserva postura.**

2

Comunícalle á AEAT que transfira á conta de expediente da poxa do órgano xudicial, vía Banco de España, o importe da consignación do mellor ofertante de cada lote: a transferencia tardará varios días en chegar á CDCX.

A aprobación do remate e as incidencias posteriores débese xestionar o órgano xudicial.

O módulo de poxas emite un aviso ao usuario (aos 35 días ou aos 8 días, segundo sexan inmobles ou mobles –ou vehículos–), recordando que o ofertante ten pendente facer efectivo o pagamento do prezo do remate.

Poxas xudiciais electrónicas

15. Conclusión e finalización da poxa

C

LOTE CON OFERTANTE GANADOR E CON OUTRAS OFERTAS

A poxa xestiónase da mesma forma ca no apartado anterior, coas seguintes particularidades:

O lote atópase en estado de **“Concluído con postor y reserva de postura”**.

O BOE transmite unicamente a información do ofertante ganador, e os licitadores que reservaran a súa oferta continuarán co depósito do 5% retido.

Se o ofertante aboa o prezo do remate, indícase **“SÍ”** e o sistema finaliza o lote.


- Se o ofertante non aboa o prezo, indícase **“NO”** e solicitará a seguinte oferta (reserva de oferta).
- Se fallan todos os ofertantes no pago do prezo de remate, pasará a estado de **“QUEBRADA”**.

O BOE:

- Envíalle á CDCX o seguinte ofertante.
- Comunícalle á AEAT que realice a transferencia do importe da consignación do seguinte ofertante, vía Banco de España.

Poxas xudiciais electrónicas

15. Conclusión e finalización da poxa



Cando finaliza a xestión independente de todos os lotes, pásase o estado da poxa a “FINALIZADA”.

LEXISLACIÓN

Lei 19/2015, do 13 de xullo, de medidas de reforma administrativa no ámbito da Administración de xustiza e do Rexistro Civil.

Lei 42/2015, do 5 de outubro, de reforma da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil.

Lei 15/2015, do 2 de xullo, da xurisdición voluntaria.

Real decreto 1011/2015, do 6 de novembro, polo que se regula o procedemento para formalizar o sistema de consignacións en sede electrónica das cantidades necesarias para tomar parte nas poxas xudiciais e notariais.